


XUVENTUDE CREA



artes plásticas
arte urbana
banda deseñada
cociña
creación de contido
creación de videoxogos
danza moderna
deseño de xoias
DJ (disc-jóckey)
fotografía
moda
música
novela curta
poesía
teatro
videocreación



XUVENTUDE





Orde do 26 de agosto de 2024 pola que se establecen as bases que rexen os premios do programa Xuventude Crea e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento BS310Q)



DESTINATARIOS

Poderán solicitar a participación na obtención dos premios nas especialidades do Programa Xuventude Crea 2024 as persoas non profesionais - exceptúase este requisito para a especialidade de teatro, modalidade Pro, nos termos establecidos no capítulo II para esta especialidade - e que cumpran os seguintes requisitos:

- A. Posuír nacionalidade española, ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser persoa estranxeira residente en España no momento de presentación da solicitude e desenvolver a actividade artística nalgunha das modalidades obxecto destes premios maioritariamente na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - B. Ser descendente de persoa emigrante galega ata o terceiro grao ou ter residencia habitual no estranxeiro pero vinculado con calquera concello galego no padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE).
 - C. Ter unha idade comprendidas entre os 16 e os 30 anos cumpridos no ano 2024, agás o establecido no capítulo II para cada especialidade.
-



PREMIOS

A dotación económica dos premios por cada unha das especialidades é:

- » **1º premio: 2.000 euros**
- » **2º premio: 1.500 euros**
- » **3º premio: 1.000 euros**

Un premio especial de 1.000€ para a modalidade de música clásica da especialidade de música.

Aquelas persoas que gañasen o primeiro premio dunha especialidade das convocadas na edición do ano anterior, non poderán participar na mesma especialidade na presente convocatoria.

Ademais dos premios, a convocatoria prevé axudas económicas para as persoas participantes que accedan á fase final de determinadas especialidades e, o que é máis importante, as obras finalistas e premiadas terán a vantaxe de ser obxecto de difusión e promoción de forma que se fará visible o talento e a creatividade das súa persoas autoras.



PRINCIPAIS NOVIDADES DESTA CONVOCATORIA

A convocatoria do programa Xuventude Crea 2024 conta coas seguintes principais novidades:

» Ábrese a convocatoria as **persoas descendentes de persoas emigrantes galegas** ata o terceiro grao ou persoas galegas que teñan residencia habitual no estranxeiro e que estean vinculadas con calquera concello galego no padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE).

» Incorporáanse **dúas novas especialidades**: DJ (disc-jockey) e Creación de Contido

» Créanse **dúas modalidades** dentro da especialidade de **teatro**, cos seus respectivos premios económicos:

a. Amador: para grupos de teatro xuvenís vinculados a centros de educación secundaria, grupos de teatro amadores ou escolas municipais de teatro entre outros.

b. Pro: para compañías de teatro de nova creación, profesionais emerxentes, grupos de teatro formados por alumnado ou egresados da Escola Superior de Arte Dramático de Galicia entre outros.

Nesta última modalidade, ademais do premio económico, a Dirección Xeral de Xuventude comprométese a estudar a **posible colaboración co Centro Dramático Galego** para que, a través das canles xurídicas oportunas, este poida apoiar ás persoas gañadoras do primeiro premio na modalidade PRO impulsando o lanzamento do seu proxecto artístico.

» As persoas ou grupos das obras gañadoras de todas as especialidades terán a **posibilidade de entrar na selección dun programa de formación e mentorizaxe para poñer en marcha o seu proxecto empresarial**. Este novo programa contará co apoio do departamento competente en materia de emprendemento e cultura.

» Se chegasen á fase final dalgunha das categorías persoas galegas residentes no exterior, a Dirección Xeral de Xuventude comprométese a **estudar a formalización do oportuno instrumento xurídico para que a Secretaría Xeral de Emigración financie o custo dos billetes de ida e volta** das persoas finalistas .

» Na especialidade de **cociña**, a obra gañadora do primeiro premio poderá ser **proposta para participar en eventos gastronómicos** cos que colabore a Dirección Xeral de Xuventude así como en eventos de similar natureza.

» Na especialidade de **creación de videoxogos**, a obra gañadora do primeiro premio poderá ser **proposta para participar en feiras de videoxogos** coas que colabore a Dirección Xeral de Xuventude así como en eventos de similar natureza.

» Na especialidade de **deseño de xoias**, a obra gañadora do primeiro premio poderá ser **proposta para participar en eventos de referencia deste sector artístico** cos que colabore a Dirección Xeral de Xuventude así como en eventos de similar natureza.

- » Na especialidade de **DJ (Disc-Jockey)**, a obra gañadora do primeiro premio poderá ser **proposta para participar en festivais de música** cos que colabore a Dirección Xeral de Xuventude así como en eventos de similar natureza.
- » Na especialidade de **moda**, a colección gañadora do primeiro premio poderá ser **proposta para participar en eventos de referencia da moda** cos que colabore a Dirección Xeral de Xuventude así como en eventos de similar natureza.
- » Na especialidade de **música**, a obra gañadora do primeiro premio poderá ser **proposta para participar en festivais de música de Galicia** cos que colabore a Dirección Xeral de Xuventude así como en eventos de similar natureza.
- » Na especialidade de **videocreación**, a obra gañadora do primeiro premio poderá ser **proposta para participar en festivais de cine de Galicia** cos que colabore a Dirección Xeral de Xuventude así como en eventos de similar natureza.



PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS

O prazo de presentación de solicitudes **iniciarase o día 11 de setembro e rematará o 10 de outubro de 2024.**



444
222
000
222

ESPECIALIDADES

ARTES PLÁSTICAS



- » Establécense as seguintes modalidades: pintura e escultura.
- » As obras serán orixinais e o tema e as técnicas serán libres.
- » Presentaránse unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro. No caso de obras escultóricas, as fotografías deberán presentarse desde diferentes perspectivas.
- » A fase final consistirá nunha exposición integrada polas obras seleccionadas que acaden a maior calidade artística, que se exhibirán no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude.
- » No caso de escultura o peso máximo da obra non poderá superar os 50 Kg.



ARTE URBANA

- » As obras serán orixinais, inéditas e, de ter texto, este estará en galego.
- » O tema e a técnica serán libres.
- » Para a fase final poderán ser seleccionadas ata un máximo de 8 obras. As persoas autoras (individuais ou parellas) das ditas obras serán requiridas para realizar un mural de aproximadamente 4 m x 2 m (en posición horizontal) no lugar e na data que determine a Dirección Xeral de Xuventude, contando cunha axuda de 250 € por participante individual.

BANDA DESEÑADA

- » As obras serán orixinais e inéditas.
- » A temática será libre, con textos en galego.
- » A técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor.
- » A obra presentarse en formato dixital (tamaño de páxina A4 ou A3) e a extensión mínima terá que ser de 10 páxinas.



COCIÑA

- » As obras (receitas) poderán realizarse de xeito individual ou en parella.
- » Só se admitirá unha receita por participante, sexa individual ou en parella.
- » A receita presentada por cada participante –individual ou en parella- pode ser a elaboración dun prato salgado ou doce. A base do prato será a utilización de produtos avalados polas diferentes denominacións de orixe de Galicia ou ben pola Federación de Prazas de Abastos de Galicia.
- » O tempo de elaboración da receita será para todas as persoas participantes de 2 horas.
- » Para a fase final poderán seleccionarse ata un máximo de 8 participantes (individuais ou en parella) que confeccionarán a receita proposta en 5 pratos individuais para que a Comisión de selección proceda á súa valoración, contando cunha axuda de 75 € por participante (individual ou parella).

CREACIÓN DE CONTIDO

- » As obras poderán ser individuais ou en grupo e serán orixinais, inéditas e en galego.
- » O tema será a marca "Galicia" e debe incluír unha presentación do seu autor.
- » Para a fase final poderán ser seleccionadas ata un máximo de 6 creacións de contido; as persoas autoras destas serán convocadas á Gala de entrega de premios do Xuventude Crea que terá lugar na data, horario e lugar que determine a Dirección Xeral de Xuventude onde se anunciará en directo as persoas premiadas desta especialidade.



CREACIÓN DE VIDEOXOGOS

- » As obras poderán ser individuais ou en grupo.
- » Admitirase que ata un 25% das persoas compoñentes do grupo supere os 30 anos.
- » Ningunha persoa participante poderá formar parte de máis dun grupo.
- » As obras consistirán nun prototipo funcional ou xogo completo co aspecto e calidade final. Serán orixinais, inéditas e os textos e o audible en galego, agás a banda sonora, que poderá estar en calquera lingua.
- » A temática será libre.
- » Os videoxogos deberán dispoñer, como mínimo, de versións para Windows ou Mac OS e deberán ser manexables con teclado e rato.
- » Para a fase final poderán ser seleccionadas ata un máximo de 6 obras que se expoñerán en directo na data, horario e lugar que determine a Dirección Xeral de Xuventude.





DANZA MODERNA

- » Disciplinas: danza contemporánea, danza urbana, jazz-lírico e danza experimental.
- » As obras poderán ser individuais ou en grupo, neste último caso poderán ter un mínimo de 2 e máximo de 30 integrantes.
- » Ningunha persoa participante poderá formar parte de máis dun grupo.
- » A duración da actuación non pode superar os cinco (5) minutos e a coreografía debe ser inédita.
- » Para a fase final poderán ser seleccionadas ata un máximo de 8 obras, que serán as que se representen en directo no día, lugar e hora que determine a Dirección Xeral de Xuventude.

DESEÑO DE XOIAS

- » A colección, que poderá ser tanto para home como para muller, debe ser orixinal e estará composta por 3 xoias. O remate das pezas debe traballarse en metal con pezas de xoiería, excluindo a utilización de fornitureas compradas.
- » Para a fase final poderán ser seleccionadas ata un máximo de 6 participantes que exhibirán as súas coleccións no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude, contando cunha axuda de 75 euros por participante.



DJ (DISC-JÓCKEY)

- » As obras poderán ser individuais ou en parella.
- » As sesións poderán ser producidas en calquera formato de vídeo ou en audio e terán unha duración máxima de 20 minutos.
- » Para a fase final poderán seleccionarse ata un máximo de 6 participantes, que presentarán publicamente as súa sesións no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude.



FOTOGRAFÍA

- » As obras serán orixinais e o tema e as técnicas serán libres.
- » Unha ou varias fotografías, ata un máximo de 6, en cor ou branco e negro.
- » As obras orixinais serán requiridas ás persoas participantes, só no caso de que fosen seleccionadas para a exposición final ou previamente para a avaliación pola comisión de selección, se esta o estima necesario.

MODA

- » As coleccións deben ser orixinais e coherentes, con 5 modelos de home ou muller. Será necesario definir o tecido utilizado e os complementos para cada un dos modelos presentados. Presentaranse estes deseños en láminas de formato A-3 (297 mm x 420 mm), con deseño de fronte e de costas.
- » Para a fase final poderán ser seleccionadas ata un máximo de 8 participantes que confeccionarán a colección dos cinco modelos obrigatorios e que se expoñerán no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude, contando cunha axuda de 450 € por participante.



MÚSICA



- » Poderán concorrer solistas e grupos de pop, folk, rock, hip-hop e demais variedades de música contemporánea, así como solistas e grupos de música clásica que serán os que poidan optar, ademais, ao premio especial de 1.000 euros.
- » Admitirase que ata un 25% das persoas compoñentes do grupo supere os 30 anos. Tamén poderá superar a idade máxima a persoa que desenvolva a función de acompañamento musical coas persoas participantes que se presenten como solistas.
- » Os temas serán de creación propia e nunca antes editados comercialmente, agás na modalidade de música clásica.
- » Para a fase final poderán seleccionarse ata un máximo de 8 participantes (solistas ou grupos) de calquera modalidade, que presentarán publicamente os seus dous temas no lugar e data que determine a Dirección Xeral de Xuventude, contando cunha axuda de 450 € no caso de grupos ou de 250 € no caso de solistas.

NOVELA CURTA

- » A obra será orixinal, inédita e en galego.
- » O tema será libre.
- » A obra realizarase a ordenador, en tamaño 12, tipografía arial e a dobre espazo. Terá unha extensión mínima de 80 páxinas e máxima de 200 e as follas estarán numeradas.



POESÍA

- » A obra será orixinal, inédita e en galego.
- » O tema e a técnica serán libres.
- » A obra realizarase a ordenador, en tamaño 12 e a dobre espazo. Terá unha extensión mínima de 50 versos e máxima de 100 e as follas estarán numeradas.



TEATRO

- » Poderán concorrer persoas individualmente ou grupos teatrais, non profesionais excepto para a modalidade PRO, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2024. Un 75% das persoas compoñentes do grupo deberán cumprir os requisitos de idade e traxectoria profesional.
- » As representacións serán en lingua galega malia que obras poderán ser de autoría galega, española ou estranxeira. Poderán presentarse obras orixinais.
- » A duración da representación de cada obra non poderá ser inferior a trinta minutos nin exceder dunha hora e trinta minutos.
- » Para a fase final poderán ser seleccionados ata un máximo de 8 grupos (4 na modalidade Amador e 4 na modalidade Pro) que serán os que representen as obras ante a Comisión de Selección, contando cunha axuda de 600€ por grupo. Nesta fase final a montaxe da escenografía de cada grupo non poderá exceder de dúas horas.



VIDEOCREACIÓN

- » As obras poderán ser individuais ou en grupo e serán orixinais, inéditas e en galego.
- » O tema será libre, mais deberá dar prioridade aos contidos artísticos e culturais dunha maneira innovadora e experimental. Enténdese por experimental a obra que se sitúa fóra dos códigos convencionais, que aposta por fórmulas audiovisuais onde se dá prioridade á subxectividade.
- » A duración de cada obra será dun mínimo de 2 minutos e un máximo de 8 minutos e a súa realización debe ser posterior ao 1 de xaneiro de 2024.



XUNTA
DE GALICIA